



## **LISTA DE ASISTENTES**

Barreiro Alonso, Enrique  
 Carballo-Calero Ramos, M<sup>a</sup> Victoria  
 Cid Fernández, Xose Manuel  
 Cidrás Pidre, José  
 Docampo Amoedo, Domingo  
 Durany Castrillo, José  
 Estévez Toranzo, Margarita  
 Fandino Alonso, Xaime  
 Fernández Saborido, Anxo Manuel  
 Gago Rodríguez, Alberto  
 Garriga Domínguez, Ana  
 Gil Villanueva, José M<sup>a</sup>  
 Gómez Gude, Jorge Juan  
 González Piñeiro, Luis  
 Hernández Sánchez, Jesús  
 Iglesias Galán, M<sup>a</sup> Hilda  
 Iglesias Randulfe, M<sup>a</sup> Teresa  
 Martínez Cobas, Xavier  
 Mazaira Castro, Andrés  
 Membiela Iglesia, Pedro  
 Pousada Carballo, José M<sup>a</sup>  
 Rabanal Carbajo, Pedro  
 Ramos Cabrer, Manuel  
 Rodríguez Fuentes, Gustavo  
 Vázquez López, Ezequiel M.

### **DESCULPAN ASISTENCIA:**

Troncoso Durán, Dolores  
 Gueimonde Canto, Ana  
 Sánchez Bello, Patricio

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 9 de maio de dous mil seis, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñaría de Telecomunicación

O martes, día 9 de maio de 2006, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 16 de marzo de 2006.
2. Informe do reitor.
3. Asuntos de profesorado: prazas para habilitación nacional, solicitude de permuta e solicitudes de comisión de servizos.
4. Aprobación, se procede, da “Memoria Económica 2005” da Universidade de Vigo.
5. Aprobación, se procede, da incorporación de remanentes de libre disposición.
6. Aprobación, se procede, de transferencias de crédito.
7. Aprobación, se procede, da convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para estudiantes da Universidade de Vigo.

8. Aprobación, se procede, do curso de “Especialista en xestión de sociedades cooperativas”.
9. Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento como Doutora Honoris Causa de Dona Lynn Margulis.
10. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Belas Artes.
11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio específico co Instituto Universitario Gastón Dachary (Arxentina) – Protocolo de Colaboración coa Universidade Federal do Río Grande do Sul (Brasil) – Convenio específico coa Universidade Federal do Río Grande do Sul – Convenio de Colaboración coa Universidad Internacional de las Américas (Costa Rica) – Convenio marco de colaboración coa Universidad de Buenos Aires (Arxentina) – Acordo de cooperación técnico-científica e cultural coa Universidade Federal de Santa María – Dúas Addendas a dous convenios marco de cooperación co Instituto Superior de Maia – Convenio marco de colaboración coa Universidad Autónoma Juan Misael Saracho – Convenio específico coa Pontificia Universidade Católica do Paraná (Brasil) – Convenio marco de colaboración co Instituto de Ecología y Sistemática (Cuba) – Convenio específico de colaboración co Instituto de Ecología y Sistemática (Cuba) – Convenio de colaboración Coa Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e as Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña – Convenio específico coa Escuela Superior de Economía y Negocios (El Salvador).
12. Rogos e preguntas

**Punto 1.-** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 16 de marzo de 2006.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.-** Informe do reitor

O reitor informa do seguinte:

- A nivel estatal non ten novas que informar debido ao cambio no MEC. Respecto das intencións do novo equipo so pode dicir que na primeira intervención da ministra no Consello de Reitores manifestou que a prioridade absoluta do MEC é a tramitación da LOU.

- Sobre os complementos autonómicos que faltan por pagar, a Consellería de Educación informou de que este ano vaise poñer en marcha o complemento relativo á investigación, espera facelo no primeiro trimestre do próximo curso e os efectos serían do ano 2006. Sobre os complementos de xestión está por decidir se van ser con efectos de 2006 ou de 2007, é preciso coñecer en primeiro lugar a contía do complemento de investigación e a continuación se chegan os cartos sería con efectos de 2006 e en caso contrario os efectos serían de 2007.

- Anuncia que no mes de xuño haberá outro Consello de Goberno para resolver temas puntuais.

**Punto 3.-** Asuntos de profesorado: prazas para habilitación nacional, solicitude de permuta e solicitudes de comisión de servizos.

#### Prazas para habilitación nacional:

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa das prazas cuxa saída a concurso foi informada favorablemente pola COAP:

1 CU	Área de Dereito Romano
1 CU	Área de Toxicoloxía
2CU	Área de Enxeñaría Telemática
1 TU	Área de Nutrición e Bromatoloxía
1TU	Área de Filoloxía Galega
2TU	Área de Enxeñaría Telemática

No caso da Área de Enxeñaría Telemática a solicitude do Departamento era de 4 cátedras de universidade pero a COAP considerou que de momento era máis prudente aprobar soamente dúas.

O profesor Ramos mantén a proposta do Departamento e que xa defendeu na COAP e pide se voten por separado estas prazas do resto.

Realízase a votación sobre as prazas de CU da Área de Enxeñaría Telemática:

Votos a favor da proposta da COAP.....	16
Votos en contra da proposta da COAP .....	1
Abstencíons.....	4

Apróbase a saída a habilitación nacional dúas prazas de CU na Área de Enxeñaría Telemática.

En relación co resto das prazas apróbase por asentimento a proposta da COAP.

**Solicitud de permuta:**

Hai unha solicitude de permuta entre a profesora Dona Eva Cernadas García, profesora Titular de Universidade da Área de “Linguaxes e Sistemas Informáticos” na Universidade de Vigo e o profesor D. Xosé Antón Vila Sobrino, profesor Titular de Universidade da mesma área na Universidade de Santiago de Compostela. Está informada favorablemente pola COAP.

Apróbase por asentimento

**Renovación de Comisións de Servizo**

Presentáronse as seguintes solicitudes que foron informadas favorablemente pola COAP:

- D. Jesús Rodríguez Márquez (Área de Dereito Financeiro e Tributario)
- D. Dantonio Gallardo Correa (Área de Ecoloxía)
- D. Marco Villagómez Cebrián (Área de Dereito Prodesual)

No caso da Área de Ecoloxía a documentación está completa e nos outros dous falta o informe da COAP. A Proposta da COAP é favorable condicionada á chegada dos informes.

Apróbase por asentimento.

**Punto 4.- Aprobación, se procede, da “Memoria Económica 2005” da Universidade de Vigo.**

O vicerreitor de planificación informa de que o documento que se presenta resume toda a actividade financeira, de execución orzamentaria e de contratación realizada pola Universidade de Vigo durante o exercicio do ano 2005.

Contén información sobre o estado de liquidación do gasto, estado de liquidación de ingreso, definición do remanente de tesourería e unha amplísima información adicional sobre o proceso de xestión dos gastos. Como principal novedade esta “Memoria 2005” inclúe nova información sobre gastos con financiamento afectado e os datos económicos (gastos e ingresos) de todos os convenios asinados pola institución en 2005. Incorpórarse o dato de remanente de libre disposición (4.631.776 €), o que significa que a institución está saneada e que nos permite expandir algunas partidas para cubrir algunas necesidades perentorias.

Apróbase por asentimento (Anexo I).

**Punto 5.-** Aprobación, se procede, da incorporación de remanentes de libre disposición.

Apróbase por asentimento a incorporación de remanentes de libre disposición que figura no Anexo II.

**Punto 6.-** Aprobación, se procede, de transferencias de crédito.

Apróbase por asentimento a seguinte transferencia de crédito:

da CT0812246410106 á I417122F64102 918€

**Punto 7.-** Aprobación, se procede, da convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para estudiantes da Universidade de Vigo.

O vicerreitor de extensión universitaria e estudiantes informa de que os termos da convocatoria son análogos aos de anos anteriores e so se diferencian en algunas cuestiós técnicas de mellora.

Apróbase por asentimento.

**Punto 8.-** Aprobación, se procede, do curso de “Especialista en xestión de sociedades cooperativas”.

Apróbase por asentimento.

**Punto 9.-** Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento como Doutora Honoris Causa de Dona Lynn Margulis.

A secretaria xeral informa de que a solicitude foi presentada polo Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde e cumpre todos os requisitos requeridos no regulamento correspondente.

Apróbase por asentimento.

**Punto 10.-** Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Belas Artes.

Apróbase por asentimento.

**Punto 11.-** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio específico co Instituto Universitario Gaston Dachary (Arxentina) – Protocolo de Colaboración coa Universidade Federal do Río Grande do Sul (Brasil) – Convenio específico coa Universidade Federal do Río Grande do Sul – Convenio de Colaboración coa Universidad Internacional de las Américas (Costa Rica) – Convenio marco de colaboración coa Universidad de Buenos Aires (Arxentina) – Acordo de cooperación técnico-científica e cultural coa Universidade Federal de Santa María – Dúas Addendas a dous convenios marco de cooperación co Instituto Superior de Maia – Convenio marco de colaboración coa Universidad Autónoma Juan Misael Saracho –

Convenio específico coa Pontifícia Universidade Católica do Paraná (Brasil) – Convenio marco de colaboración co Instituto de Ecología y Sistemática (Cuba) – Convenio específico de colaboración co Instituto de Ecología y Sistemática (Cuba) – Convenio de colaboración Coa Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e as Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña – Convenio específico coa Escuela Superior de Economía y Negocios (El Salvador).

Apróbanse por asentimento.

**Punto 12.-** Rogos e preguntas.

O profesor Ramos pregunta por qué non figura a Universidade de Vigo no convenio publicado fai uns días entre a Consellería de Educación e as Universidade de Santiago de Compostela e A Coruña para o desenvolvemento de programas informáticos de xestión.

O reitor di que a Universidade de Santiago de Compostela trata de que as demais universidades acollan os seus modelos e a Universidade de Vigo non estivo pola labor. Se nalgún momento a Xunta de Galicia está disposta a facer algúun aporte económico haberá que reunirse e tratar o tema.

O profesor Barreiro roga que se axilice a devolución de taxas a unha alumna do campus de Ourense que se matriculou nun curso da escola deportiva e que despois foi suspendido e a pesar de ter reclamado xa dúas veces aínda non se lle devolveran.

O vicerreitor Andrés Mazaira informa de que o servizo de Deportes ía poñerse en contacto coa alumna e pedirlle desculpas pola tardanza.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:15 horas do día 9 de maio de 2006 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor

O reitor

A secretaria xeral

Domingo Docampo Amoedo

M<sup>a</sup> Teresa Iglesias Randulfe